

## MARSUPIAIS


Chámanse así porque as femias teñen un "*marsupio*" ou bolsa na que levan as crías mentres non rematan o seu desenvolvemento. Viven en Australia, Nova Guinea e América do Sur e algúns, moi poucos, como o oposum de Virginia, en América do Norte.

Entre os Marsupiais están os bandicuts, os canguros, os koalas, os numbats e os wombats.



**Os canguros:** Son os marsupiais máis coñecidos xunto cos Koalas. Son animais herbívoros, teñen unhas patas traseiras moi fortes o que lles permite pórse de pé e desprazarse rapidamente saltando sobre elas; de feito, o canguro roxo pode alcanzar os 50 km hora. O rabo sérvelle para equilibrarse; as patas dianteiras son curtas e teñen grandes orellas.

Os canguros viven en grupos e para decidir quen vai ser o xefe do grupo, pelexan entre sí, o que gaña será o xefe.




Viven en zonas quentes e pasan o día descansando á sombra. Saen pola noite a comer.

Normalmente teñen unha cría en cada parto. A cría é pequeniña, máis ou menos coma un dedo polgar. Ó nacer vai arrastrándose ata a bolsa da nai e alí se queda uns 6 meses, logo empeza a saír pero ó primeiro aviso de perigo salta á bolsa da nai.


Hai moitas clases de canguros, os máis pequenos son os **Walabis** e os máis grandes son os **Canguros roxos** que poden chegar a alcanzar a estatura dun home.

**Os koalas:** Tamén son marsupiais. A cría do koala pasa os primeiros 6 meses de vida na bolsa da nai e os seguintes 6 meses agarrada o seu lombo.



Vive tamén en Australia, nos bosques de eucaliptos pois unicamente come follas destas árbores pero come aproximadamente 1 kilo delas ó día e, por riba, é moi selectivo, come unicamente follas de 5 especies de eucaliptos de entre as 350 que hai.

### Records dos Marsupiais:



O máis grande é o **canguro roxo** que alcanza unha altura de 1,5 metros.

O máis pequeno é o **planigale**, é parecido a un rato, mide uns 90 cm contando o rabo.

Hai un marsupial, o **mulgara** que nunca bebe pois chégalle coa auga que obtén dos insectos que come.

## COMPRENSIÓN

### 1. CONTESTA:

- ▶ ¿Por qué se chaman "marsupiais"?

.....

- ▶ ¿Cales son os marsupiais máis coñecidos?

.....

- ▶ ¿Cómo se despraza o canguro?

.....

- ▶ ¿Para que utilizan o rabo?

.....

▶ ¿Cal é o tamaño medio dun canguro cando nace?

.....

▶ ¿Onde pasa a cría do koala os 6 primeiros meses de vida?

.....

▶ ¿E os segundos 6 meses?

.....

▶ ¿Qué comen os koalas?

.....

## 2. COMPLETA:

Entre os Marsupiais están os ....., os .....,  
os koalas, os ..... e os .....

Hai moitas clases de ....., os máis pequenos son os  
..... e os máis grandes son os .....  
..... que poden chegar a alcanzar .....  
.....

## ACTIVIDADES

1. Coas letras da palabra **MARSUPIO** forma todas as palabras que se che ocorran:

.....  
.....  
.....  
.....

2. Ordena estas letras para formar palabras. Todas elas aparecen na lectura:

amrsiuop .....                      umglaar .....  
vbheríoosr .....                      loaask .....

**3. Escribe un pequeno texto, o máis pequeno posible, no que aparezan as catro palabras do exercicio anterior.**

.....

.

.....

.

.....

.

**4. Ordena as palabras para formar unha frase.**

traseiras as canguros poden súas saltar patas Os gracias fortes

.....

.

.....

.

**5. Une segundo corresponda e logo escribe as frases:**

O koala e aliméntanse de noite

Durmen de día é tamén un marsupial

O mulgara viven en zonas quentes

Os canguros nunca bebe

.....

.

.....

.

.....

.

.....

.

**6. ¿Qué din estas frases?**

**Os canguros son os marsupiais máis coñecidos xunto cos Koalas**

---

**O koala vive tamén en Australia, nos bosques de eucaliptos**

---

**Viven en zonas quentes e pasan o día descansando á sombra.**

---

**7. Le o seguinte texto. Busca un paragrafo moi similar que hai na da lectura e busca as diferencias.**

Os  
canguros son os  
marsupiais máis coñecidos.  
Son animais herbívoros, teñen unhas  
patas traseiras moi fortes que lles permiten pórse de pé e  
desprazarse saltando sobre elas, o canguro  
roxo pode alcanzar  
50 km/h.

**8. Busca na sopa de letras:**

canguro, koala, mulgara, Australia, numbat, marsupiais

S	A	N	O	R	A	K	N	A	R
D	I	E	N	F	R	I	A	L	A
E	L	A	O	R	A	O	N	A	A
G	A	E	I	A	G	K	R	O	J
S	R	I	G	P	L	F	D	K	B
E	T	T	I	N	U	M	B	A	T
D	S	O	I	A	M	S	N	O	F
O	U	R	A	S	A	A	R	A	E
C	A	N	G	U	R	O	I	A	H
A	D	E	M	K	O	N	O	R	M

**9. Rodea as palabras do recadro que se poden escribir coas letras de AUSTRALIA.**

liar

lila

atrása

atrás

ratas

tasca

talar

latas


Austria

rusa

lastre

salir

**10. Busca o koala igual ó modelo.**



**11. Escribe un conto no que o protagonista sexa un canguro triste.**

.....

.....

.....

.....

.....

